



## **ADMISIÓN ALUMNADO 2023/2024**

### **Inicio do procedemento de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2023/2024**

#### **NORMATIVA REGULADORA**

**DECRETO 13/2022**, do 3 de febreiro , polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

**Orde do 21 de outubro de 2022** pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio , de educación.

#### **CALENDARIO**

- **Antes do 1 de marzo**: Publicación listas de reserva.

- **Do 1 ao 20 de marzo**: Presentación das solicitudes de admisión.

- **Antes do 25 de abril**: Publicación das listaxes provisionais de admitidos e excluídos.

- **Antes do 15 de maio**: Publicación das listaxes definitivas de admitidos e excluídos.

- **Do 20 ao 30 de Xuño**: Formalización da matrícula en educación infantil e primaria.



### ASPECTOS A TER EN CONTA

1. Cada alumno só pode presentar unha única solicitude no centro que solicite en primeiro lugar. Esta solicitude deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acolledora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexos I-bis, II-bis e III-bis); agás que a patria potestade estea atribuída a un deles con carácter exclusivo, ou en situación de violencia de xénero.
  - Pódese cubrir de xeito manual solicitando o impreso na secretaría do centro, descargándoo da páxina web do centro, desde a aplicación admisionalumnado ou desde a sede electrónica.
  - De forma electrónica a través da aplicación *admisionalumnado*, no enderezo: <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>  
Poden cubrir o formulario de admisión a través do menú **Solicitudes – Admisión – Crear solicitude de admisión**. Feito iso poden optar por:
    - a) Imprimir dito formulario e achegalo ao centro educativo que escollan para o seu fillo ou filla en primeiro lugar.
    - b) Se dispoñen de certificado dixital, presentalo en Sede Electrónica a través da aplicación.
2. Xunto co impreso de solicitude deben presentar a seguinte documentación:
  - Fotocopia do DNI dos pais e do alumno/a, se o ten.
  - Fotocopia do libro de Familia completo.
  - Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.
  - Certificado de matrícula, no caso de vir doutro centro educativo. Neste caso deberá presentar copia da solicitude de admisión no centro de orixe.
3. Centro adscrito: IES GARCÍA BARROS

A Estrada, a 28 de febreiro do 2023

CEIP PÉREZ VIONDI